



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 do 09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS E TITORES/AS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **TRES** pais/nais, dun total de **CINCO** que debe ter o Consello Escolar. Dos representantes que lles corresponden aos pais/nais no Consello Escolar, un poderá ser proposto pola ANPA (de non existir proposta, a vacante cubrirase conxuntamente e co mesmo procedemento que os outros representantes dos pais/nais), os outros DOUS representantes de pais continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2022.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14'00 horas do día 30 de outubro.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Conserxería do Colexio. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14'00 horas do día 11 de novembro.
- 4.- O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día 11 de novembro, ás 17:45 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 11 ao 16 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao



presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 17 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.

7.- As votacións realizaranse neste Colexio Público o **día 18 de novembro, de 16'00 a 18'00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15'50 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo de **DOUS nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do DNI ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o/a titor/a legal dos/as alumnos/as.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Coruña, 23 de outubro de 2024.

O/A PRESIDENTE/A DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Marcos Bóveda González.